

## A Xunta pretende que as/os profesionais da sanidade traballen a custe cero

Desde **CIG-SAÚDE** nos preguntamos en que se gasta a Xunta de Galiza o diñeiro público e os fondos COVID.

A situación da atención primaria neste momento é insostible pola **falta de persoal**, nomeadamente de persoal médico e enfermeiras/os, froito das políticas de persoal que aniquilaron estes postos de traballo.

Tamén hai **outras categorías** nas que hai suficientes profesionais nas listas de contratacións, mais **o SERGAS négase a contratalas**, coma PSX, Traballadores/as Sociais, Odontólogos/as, Fisioterapeutas, Matronas, TCAEs, Farmacéuticos/as, entre outras.

A Consellería de Sanidade **obriga forzosamente as/os profesionais a que incrementen a súa xornada** para facer fronte á sobrecarga de traballo, e para dar cobertura ás prazas vacantes que o SERGAS non dá cuberto.

Para **CIG-SAÚDE** un incremento de xornada ten que estar organizado e cunha planificación. O persoal non pode estar á disposición permanente do SERGAS.

- Ten que ter a súa correspondente retribución. O SERGAS non pode pretender que o persoal traballe gratis.
- Ten que recoñecer a penosidade, para todas/os as/os profesionais, na prestación de traballo en quendas de noite, ou en domingos e festivos; penosidade que ten que ser retribuída.
- Ten que estar dirixida a eliminar as listas de agarda, e a normalizar as axendas. Non pode haber axendas con 80 citas diarias.

Para **CIG-SAÚDE** é impresentable que, unha administración que ten a responsabilidade de garantir o dereito á que a poboación reciba unha prestación sanitaria de calidade, maltrate as/os profesionais que seguen a traballar día a día para minimizar os efectos dos recortes en sanidade.

Para **CIG-SAÚDE** non vale a escusa de que hai uns acordos retributivos do ano 2008, nos que non había o déficit de profesionais que hai hoxe. E sobre todo, porque a situación actual non é a mesma que fai 13 anos.

Para **CIG-SAÚDE** tampouco nos serve a escusa de que xa accederon a negociar o Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a atención primaria. As dúas negociacións poden transcorrer en paralelo.

Por todo isto, desde **CIG-SAÚDE** reiteramos a urxencia de **que o SERGAS convoque unha reunión de mesa sectorial para abordar as condicións laborais e retributivas** de todo o persoal que incrementa a súa xornada.

- Para que as condicións laborais do persoal permitan que o persoal médico fiquen a traballar na atención primaria, en vez de acceder a outros postos de traballo.
- Non hai que crear máis categorías profesionais. Só hai que dignificar as existentes e por en valor o traballo da atención primaria.

**Para que o SERGAS acceda a esta negociación necesítase a participación de todas/os as/os profesionais.**

**CIG-SAÚDE convoca concentración nos centros de saúde o día 9 de decembro ás 13hs.**

**Participa, non deixes que te rouben o valor do teu traballo.**